

TRABALLO FIN DE ESTUDOS (INTERPRETACIÓN/CANTO)

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO).

| 1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN | | | | | | | | | | | | |
|---------------------------------------|-------------------|----|----------|----|----------|----|----------|------------------------|-----------------------------|--|----------------------------|-------------------|
| DISCIPLINA: TRABALLO FIN DE ESTUDOS | | | | | | | | | | | | |
| ESPECIALIDADE | Interpretación | | | | | | | ITINERARIO | | | CANTO | |
| CARÁCTER | Obrigatoria | | | | | | | TIPO DE CLASE | | | TITORÍA INDIVIDUAL | |
| DEPARTAMENTO | CANTO | | | | | | | XEFE DE DPTO. | | | Lorenzo de los Santos Gago | |
| CURSOS | 1º curso | | 2º curso | | 3º curso | | 4º curso | | COORDINADOR/A DA DISCIPLINA | | | Aida Cruz Estévez |
| CUADRIMESTRES | I | II | III | IV | V | VI | VII | VIII | Horas de clase semanais: | | | 1 |
| ECTS/CUAD. | | | | | | | 10 | | Curso académico: | | | 2023-2024 |
| DOCENTES: | NOME E APELIDOS | | | | | | | EMAIL/TEL/WEB | | | TITORÍAS | |
| | Aida Cruz Estévez | | | | | | | aidacruz@edu.xunta.gal | | | Xoves de 13:30 a 14:30 | |

| 2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS | |
|--|---|
| DESCRIPTOR: | Interpretación dun concerto público con elaboración e defensa dun traballo académico que poderá versar sobre diversos aspectos do repertorio elixido, do seu instrumento ou calquera outra temática relacionada coa especialidade e itinerario. |
| COÑECEMENTOS/REQUISITOS PREVIOS | Son coñecementos previos todos os abordados ao longo de todos os estudos conducentes á titulación na especialidade e itinerario correspondente. Requírese estar matriculado nos créditos da disciplina do traballo fin de estudos, así como o cumprimento dos prazos e normas establecidas no protocolo correspondente, aprobado polo centro. A presentación pública do TFE estará condicionada á superación de todas as disciplinas que integran o plan de estudos da súa especialidade. |
| COMPETENCIAS TRANSVERSAIS: | T1, T2, T3, T4, T5, T6, T8, T14, T15, T16 |
| COMPETENCIAS XERAIS: | X2, X3, X5, X6, X7, X8, X10, X13, X21, X25 |
| COMPETENCIAS ESPECÍFICAS: | E11, E12, E13, E14, E15, E16, E18, E110 |
| <i>*Ver a listaxe e descrición de competencias no Decreto 163/2015, do 29 de outubro</i> | |

| 3. OBXECTIVOS | |
|---|---|
| DESCRICIÓN | COMPETENCIAS RELACIONADAS |
| -Elaborar e defender un traballo académico que integre, sintetice e aplique os coñecementos teóricos adquiridos ao longo dos cursos e saber buscar e seleccionar información valorando o xeito crítico. | T1, T2, T3, T4, T5, T6, T8, T14, T15, T16, X5, X7, X8, X10, X13, X25 E12, E16, E110 |
| -Interpretar un concerto público onde se reflectan todos os coñecementos prácticos e artísticos adquiridos o longo das disciplinas cursadas. | T1, T2, T3, T5, T6, T15, T16, X2, X3, X5, X6, X7, X8, X13, X21, E11, E12, E13, E14, E15, E16, E18, E110 |

| 4. CONTIDOS | | |
|-------------|------------------------|---------|
| TEMAS | DESCRIPTOR DE SUBTEMAS | SESIÓNS |
| | | |

| | | |
|--|---|---|
| <p>Exercicio escrito (Traballo académico e defensa do mesmo).</p> <p>O contido do mesmo poderá referirse a:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aspectos didácticos da ensinanza do canto. - Aspectos anatómicos e/ou específicos do aparello fonador e as súas implicacións no canto. - Evolución estilística do repertorio. - Evolución da técnica vocal, e/ou aportacións de pedagogos destacados. - Análise dalgunha obra/s ou autor/es. - Aspectos lingüístico musicais - Implicacións escénicas do repertorio vocal. | <p>O traballo poderá versar sobre diversos aspectos do repertorio elixido, do seu instrumento, ou calquera temática relacionada coa especialidade, tanto en aspectos históricos, estilísticos como didácticos, e aprobada polo Departamento.</p> <p>Deberá ter unha extensión mínima de 20 páxinas, tamaño DIN A4, letra Arial tamaño 12, a dobre espazo, sen contar coas referencias bibliográficas e os títulos. Cun número mínimo de 5.500 palabras, segundo o establecido pola comisión de coordinación pedagóxica do centro.</p> <p>Deberá estar debidamente presentado, cunha correcta encadernación, que permita a súa posterior garda na biblioteca do centro.</p> <p>Dito traballo deberá conter un resumo da mesma en galego, castelá e nun idioma estranxeiro, de entre 150 e 300 palabras.</p> <p>No caso de precisar unha modificación en relación ao tema elixido e/ou aos seus apartados, deberá dirixirse solicitude ao departamento cun prazo mínimo de dous meses antes da data previsible de realización. O departamento disporá de cinco días hábiles para resolver, comunicar ao alumno a súa decisión, e trasladar á xefatura de estudos a modificación, de ser o caso.</p> <p>O alumno/a disporá dun máximo de 20 minutos para a defensa do seu traballo académico, a continuación o tribunal abrirá un proceso de debate ou poderá formular rolda de preguntas, cun máximo de 10 minutos para dita parte.</p> | * |
| <p>Interpretación (Concerto público)</p> | <p>Terá unha duración de entre 45 e 70 minutos, coa posibilidade dun descanso opcional que non computará no tempo e que non debe exceder de 15 minutos. A proposta do programa de dito concerto terá que ser aprobada polo departamento e será entregada na forma e prazos establecidos no protocolo aprobado polo centro.</p> <p>No caso de que se producise algunha modificación sobre o programa a interpretar deberá ser notificado mediante instancia dirixida ao departamento para a súa supervisión e aprobación, cun mínimo de 30 días hábiles sobre a data prevista para a presentación do mesmo. O departamento disporá de cinco días hábiles para resolver ao respecto sobre dita posible modificación, facer a comunicación ao alumno/a, e trasladar a modificación á xefatura de estudos, de ser o caso.</p> <p>O programa do concerto deberá estar integrado por obras dun mínimo de tres estilos diferentes, escollidos de entre os seguintes: Oratorio ou cantata, Ópera, Zarzuela, Lied ou canción estranxeira, Canción española, e Aria de concerto.</p> <p>Asemade, deberá ser interpretado nun mínimo de tres linguas, das cales dúas deberán ser idiomas estranxeiros.</p> <p>A interpretación das obras realizarase co acompañamento de piano, e poderán incluírse obras dentro do programa de carácter camerístico coa participación doutros instrumentos acompañantes, sempre que non superen un terzo da duración da totalidade do concerto. Neste caso, poderase distribuír o concerto en tres partes, sempre e cando a duración total de ambos descansos non supere os 15 minutos.</p> <p>As obras deberán ser interpretadas de memoria, coa excepción do xénero de oratorio ou cantata.</p> <p>O programa de man deberá ser presentado con notas ao mesmo, seguindo o protocolo establecido a tal fin, e que está a disposición do alumnado na páxina web e taboleiro do centro.</p> <p>Cada membro do tribunal poderá dispor de copias de partituras do programa do concerto, que serán facilitadas polo alumno/a con suficiente antelación ao xefe/a do departamento, en papel, ou soporte dixital.</p> | * |
| <p>* A distribución de sesións para cada apartado así como a totalidade das mesmas dependerá do número de titorías, así como da cantidade de alumnado.</p> | | |

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA

| TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN | HORAS PRESENCIAIS | HORAS NON PRESENCIAIS | TOTAL HORAS |
|---|-------------------|-----------------------|-------------|
| Proposta e elaboración dun traballo académico e a exposición e defensa do mesmo | 5 | 70 | 75 |
| Proposta e elaboración dun programa de concerto e ensaios de preparación para a presentación pública do mesmo | 10 | 190 | 200 |
| Titorías | 20 | | 20 |
| Audicións públicas anteriores ao concerto final | 3 | | 3 |
| Presentación pública do concerto | 2 | | 2 |
| TOTAL HORAS: | | | 300 |

6. AVALIACIÓN

O número máximo de convocatorias para a superación do TFE é de dúas.

Cada unha das probas de cada convocatoria poderá realizarse no mesmo día ou en dous días correlativos segundo as necesidades do alumno/a.

Dentro de cada convocatoria, o alumno deberá superar as dúas probas (a do Concerto, e a da Presentación do traballo escrito e debate).

Respecto das datas de realización do TFE, tanto para a convocatoria ordinaria como para a extraordinaria, consultar o protocolo establecido a tal fin polo centro educativo. Asemade, consultar as condicións de presentación do traballo académico, e prazo, no recollido no protocolo a tal fin.

| FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | COMPETENCIAS AVALIADAS | PONDERACIÓN |
|-------------------------------------|--|------------------------|-------------|
| Traballo académico | 1)Aportar orixinalidade na elección do tema a desenvolver. 2)Organizar correctamente a información necesaria. 3)Levar a cabo unha presentación correcta e coherente da proposta realizada. 4)Presentar una redacción que deixe amosar a claridade de ideas así como a organización da información utilizada e o coidado nos datos aportados. 5)Amosar coñecementos suficientes relacionados coa materia. 6)Empregar correctamente a lingua estranxeira. 7)Saber utilizar e aportar fluidez na presentación mediante a utilización das TIC. 8)Presentar os datos bibliográficos e notas a pe de páxina que se precisen de forma correcta. 9)Demostrar control de comunicación e ordenación dos contidos e tempos empregados para as diferentes partes de que conste a exposición. 10)Amosar dominio dos contidos e fluidez verbal durante a rolda de preguntas e/ou posible debate. | Todas | 20% |
| Interpretación pública dun concerto | 1)Amosar orixinalidade e coherencia na elección do repertorio do programa, así como adecuación ás súas características vocais e interpretativas. 2)Demostrar dominio da técnica, cunha correcta emisión e control da voz na interpretación do repertorio. 3)Ser quen de cantar cunha correcta afinación, empregando a respiración costo-diafragmático abdominal co preciso control da columna do aire, que permita un canto legato na interpretación do repertorio. 4)Amosar calidade e homoxeneidade da voz así como igualdade de rexistros. 5)Utilizar a pronunciación correcta do texto, a través dunha axeitada articulación e dicción, e amosar comprensión dos textos das diferentes obras a interpretar. 6)Respectar ás convencións interpretativas de cada estilo, aplicando os coñecementos estilísticos e estéticos traballados ao longo dos seus estudos, amosando versatilidade e control sobre os recursos técnicos precisos segundo o estilo de cada obra (correcto do vibrato, proxección do son e respecto os elementos de ornamentación). 7)Cantar con equilibrio nos fraseos e dominio nas dinámicas. 8)Cantar con control do tempo nas obras, así como realización de correctas variacións agónicas durante todas as interpretacións. 9)Amosar un equilibrio na dinámica en relación co | Todas | 80% |

| | | | |
|--|---|--|--|
| | <p>piano, así como co resto dos instrumentos, de ser o caso.</p> <p>10) Ser quen de interpretar o repertorio de memoria, con soltura e seguridade na presenza escénica, amosando profesionalidade no escenario.</p> | | |
|--|---|--|--|

| 7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS | |
|---|--|
| DESCRIPCIÓN | CRITERIOS E PAUTAS |
| <p>Deberanse cumprir as disposicións vixentes no marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.</p> <p><i>Asemade terase en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</i></p> | <p>Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.</p> |
| <p>No presente curso académico non hai alumnado da especialidade que precise pautas por necesidades educativas especiais.</p> | |

| 8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS |
|--|
| <p>Allió, Miriam: <i>Los espacios de la voz</i>. Edit. Clivis</p> <p>Allió: <i>Reflexiones sobre la voz</i>. Edit. Casa Beethoven</p> <p>Bustos, Inés: <i>La voz</i>. Edit. Paidotribo</p> <p>Carrillo Guzmán, M. : <i>Introducción a la dramaturgia musical</i>. Editum (ediciones de la Universidad de Murcia)</p> <p>Concone: <i>15 vocalizzi</i>. Edit. Ricordi</p> <p>De Mena, Ana: <i>Educación de la voz. Principios fundamentales de ortofonía</i>. Edit. Aljibe</p> <p>De Pedro, e Sánchez.: <i>Manual práctico de ornamentación barroca</i>. Edit. Real Musical</p> <p>Eco, Umberto: <i>Cómo se hace una tesis: técnicas y procedimientos de estudio, investigación y escritura</i>. Gedisa. 2002.</p> <p>Falcón, L. : <i>La ópera, voz, emoción y personaje</i>. Alianza Música</p> <p>Ferrer: <i>Teoría y práctica del canto , El camino de una voz</i>. Edit. Herder</p> <p>García, M. : <i>Tratado completo del arte del canto</i>. Ed. Reichenberger</p> <p>Graetzer, G.: <i>Los adornos en las obras de J.S.Bach</i>. Edit. Ricordi</p> <p>Harmoncourt, N.: <i>La música como discurso sonoro</i>. Acantilado, Barcelona 2006</p> <p>Jackson Menaldi, Cristina: <i>La voz normal</i>. Edit. Médica hispanoamericana</p> <p>Jacobs, A. e Sadie, S.: <i>El libro de la ópera</i>. Edit. Rialp</p> <p>Lawson, C.- Stowell, R.: <i>La interpretación histórica de la música</i>. Alianza Música</p> <p>Lehmann, Lilli: <i>How to sing</i>. Edit. Dover</p> <p>Mansion: <i>Estudio del canto</i>. Edit. Ricordi americana</p> <p>Mantel, Gerhard: <i>Interpretación. Del texto al sonido</i>. Edit. Alianza Música.</p> |

Perelló-Caballé: *Canto-Dicción*. Edit. Científico-médica.

Quiñones, Carmen: *Programa para la prevención y el cuidado de la voz*. Edit. Praxis

Regidor, Ramón: *La clasificación de la voz*. Real Musical

Regidor, Ramón: *Temas del canto. El aparato de fonación*. Real Musical. Madrid, 1975

Ricci: *Variazioni-cadenze tradizioni*. Edit. Ricordi

Ristad: *La música en la mente*. Edit. Cuatro vientos

Sopeña Ibáñez, F. : *El nacionalismo y el Lied*. Ed: Real Musical

Starobinsk.: *Las hechiceras, poder y seducción en la ópera*. Akal Música

Tunbridge, L.: *El ciclo de canciones*

Turina: *Vocalizaciones*. Edit. Unión musical española

- Enlaces de interés:

www.abrsm.org/musicinwords

http://biblioteca.itson.mx/dac/sl/descargas/formato_apa.pdf

http://www.iberori.org/doctos/manual_chicago.pdf

http://www.chicagomanualofstyle.org/tools_citationguide.html

http://www.ull.es/view/institucional/bbtk/Partes_de_un_trabajo/es